



Temos o grato pracer de comunicar que o noso compañeiro do IEM, Gonzalo Navaza Blanco foi nomeado Académico Correspondente da Real Academia Galega a través dunha [resolución](#) do seu Plenario, reunido o pasado venres 30 de setembro. Nado en Lalín (1957) e residente dende hai anos na parroquia de Peitieiros (Gondomar), Navaza é profesor titular na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. O seu labor investigador céntrase entre outras materias, na toponimia e na onomástica. É autor de innumerables traballos nestas disciplinas, sendo o libro

*Saians*

, número 1 da colección "O nome dos lugares", editada polo IEM, a súa última publicación nesta disciplina. O noso compañeiro tamén destaca como creador literario e tradutor.